

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E NAVANTIA, PARA A CONSERVACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO AUDIOVISUAL DE NAVANTIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou con **NAVANTIA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que esténdese ata dous anos dende a sinatura do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases que rexerán a colaboración para a realización conxunta de actividades no marco da conservación, dixitalización e difusión dos arquivos audiovisuais que constan no anexo do convenio.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.


Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic e Navantia consideran necesario e esencial unha colaboración para a protección, conservación e tratamento das obras audiovisuais que posúe Navantia, así como a procura da súa difusión, a través das actividades do CGAI.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de





Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

